



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 12.09.2019**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 12.09.2019

HORA DE COMEZO: 12:40 h.

HORA DE REMATE: 13:20 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 12 de setembro de 2019, ás 12:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.05.2019).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a realización do proxecto expositivo "Intérpretes pioneiras (1900-1953): tendendo pontes", na Facultade de Filoloxía e Tradución.
- 4.** Acordo que proceda sobre a petición de apoio para as xornadas "A outra cara do monte", organizadas dende o Laboratorio de Micoloxía, da Facultade de Bioloxía.
- 5.** Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración na organización do congreso internacional "Lingua e violencia: mediacións literarias na era do Antropoceno".
- 6.** Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización do VII Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, con relatorios a cargo de expertos nacionais.
- 7.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Asociación de alumnos "Aulas de formación Aberta", do Programa de maiores da UVigo, para actividades a realizar no curso 2019/2020.
- 8.** Acordo que proceda sobre a petición de axuda para organizar a International Conference "Workshop on Language and the Brain", promovido dende a Facultade de Filoloxía e Tradución.
- 9.** Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para o "I congreso de debates electorais televisados e novas formas de comunicación política", previsto no Campus de Pontevedra.
- 10.** Rogos e preguntas.

Agradece don Ernesto Pedrosa a asistencia dos presentes, e xustifica expresamente a ausencia de dona Ana Isabel Vázquez.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.05.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Da conta don Ernesto Pedrosa da satisfactoria labor que está a desenvolver a empresa Biela na produción e actualización de contidos da páxina Web do Consello Social, propoñendo a súa continuidade, ao que asenten os asistentes. Así mesmo presenta un resumo das axudas concedidas pola Comisión ao longo de 2019.



PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a realización do proxecto expositivo "Intérpretes pioneiras (1900-1953): tendendo pontes", na Facultade de Filoloxía e Tradución.

Resume o presidente que a mostra tenta sensibilizar sobre o xeito no que contribuíron as mulleres ao proceso de nacemento da profesión de intérprete. Contén 37 fotografías que amosan un amplo abano de escenarios no que se desenvolven os intérpretes, dende un hospital ata una conferencia diplomática ou unha negociación en tempo de guerra. Poderá verse na Facultade de Filoloxía e Tradución.

- ***Apróbase unha axuda de 1.000 €.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a petición de apoio para as xornadas "A outra cara do monte", organizadas dende o Laboratorio de Micoloxía, da Facultade de Bioloxía.

Expón o presidente a iniciativa do Laboratorio de Micoloxía da UVigo que organiza un programa de encontro entre mancomunidades, propietarios, cidadáns e estudantes para intercambiar experiencias sobre un mellor aproveitamento do monte e o seu valor para o futuro do rural. O programa inclúe conferencias, saídas a montes comunais para avaliar recursos e unha actividade cooperativa.

- ***Apróbase unha achega máxima de 900 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración na organización do congreso internacional "Lingua e violencia: mediacións literarias na era do Antropoceno".

Partindo da incidencia da lingua para construír o mundo, o congreso quere explorar a forma na que a violencia impregna o discurso literario contemporáneo, e como se manifesta a través das distintas prácticas literarias, nun proceso que amosa os cambios sociais nas últimas décadas. Organiza o Departamento de Literatura española, da Facultade de Filoloxía e Tradución.

- ***Concédesse unha axuda de 1.176,50 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada para a organización do VII Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, con relatorios a cargo de expertos nacionais.

Expertos nacionais de distintos sectores profesionais participan no programa para dar a coñecer cuestións prácticas sobre o proceso Concursal. Ten unha marcada orientación aos alumnos de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Económicas e Empresariais. Está organizado polos catedráticos da Área de Dereito Mercantil Anxo Tato e Julio Costas. Engade o presidente que se trata dun curso de alto nivel, con relatores "extraordinarios".

- ***Apróbase a axuda de 1.000 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Asociación de alumnos "Aulas de formación Aberta", do Programa de maiores da UVigo, para actividades a realizar no curso 2019/2020.

A Asociación de alumnos do Programa universitario de maiores organizan durante o curso académico distintas actividades complementarias de carácter formativo, e mesmo iniciativas recreativas e culturais, entre as que destacan un Cine Forum e un coro, ademais de manter abertos canles informativos entre o colectivo mediante boletíns e revistas dixitais e impresas, e estar presentes nos



foros nacionais de organizacións homólogas. Tras distintas intervencións e valoracións dos presentes, explica o presidente que, independentemente da solicitude que se presenta, debe terse en conta o recollido nas normas respecto da axuda concedida na anterior edición, que ascendeu a 3.200 €.

- ***Apróbase unha aportación de 2.600 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a petición de axuda para organizar a International Conference "Workshop on Language and the Brain", promovido dende a Facultade de Filoloxía e Tradución.

A International Conference "Workshop on Language and the Brain", que se celebrará en Vigo os próximos días 2 e 3 de outubro, está dirixida a estudantes, profesionais da saúde, da educación e investigadores do ámbito da lingüística. Os obxectivos son, dunha parte, explorar a complexidade da linguaxe e as conexión co cerebro, e doutra, difundir a investigación que está a desenvolver o grupo organizador dende a UVigo. Conveñen os membros na calidade con que se presenta a proposta que se achega.

- ***Apróbase unha axuda de 2.400 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para o "I congreso de debates electorais televisados e novas formas de comunicación política", previsto no Campus de Pontevedra.

Con acceso libre, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación organiza o I Congreso Internacional sobre "Debates electorais televisados e novas formas de comunicación política". A presenza dun dos grandes expertos internacionais de referencia neste campo, que viaxará a España por primeira vez, permitirá coñecer as tendencias actuais na organización e planificación dos debates electorais en televisión, e da comunicación política, electoral e institucional. Así como dos novos xeitos de participación da cidadanía nos asuntos públicos. O presidente aclara que a axuda que se solicita destínase a un libro que recollerá os mellores traballos presentados no congreso.

- ***Apróbase unha achega máxima de 2.000 €.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 12 de setembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias